# NOVAS DE CONTUMIL

Revista escolar do CEIP Plurilingüe Nantes

LETRAS GALEGAS 2022 Nº 53

SUBVENCIONADO POLA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA




Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# SUMARIO


*1. Portada*
*2. Sumario*
*3. Editorial*
*4. Día das Bibliotecas*
*5. Polo san Martiño*
*6-7. Samaín*
*8-9. Happy Halloween*
*10. Día contra a Violencia de Xenero*
*11. Dereitos da Infancia*
*12. Os xogos da discapacidade*
*13. Festival de Nadal*
*14. Árbores de Nadal*
*15. Friends Smile*
*16. día da Paz*
*17. Carreira Solidaria*
*18-19. A Semana da Ciencia*
*20-22. Un Entroido de Cine*
*23. Concurso o meu Libro Favorito*
*24-25. Promoción do 2022*
*26. Día de Rosalía*
*27. Dia da Muller*
*28. XII Concurso de Fotografía Dixital*
*29. Dinámicas de Cohesión de Grupo*
*30. Pasatempos Musicais*
*31. Visita de Juan Galiñanes*
*32-33. Campolameiro*
*34. Letras Galegas. Carta*
*35. Migallas*
*36. Xincana de Vicedo e Florida*
*37. Picto-Pelis*
*38-39. Manolo Paz*
*40. Xogo da Chave*
*41. Erase unha vez...*
*42. Cortegada*
*43. Illas Atlánticas*
*44-45. Montana*
*46. Thomas Demond*
*47. Arts & Grafts*
*48. Contraportada*



*NOVAS DE CONTUMIL é a revista escolar do CEIP PLURILINGÜE NANTES (SANXENXO).*

*Enderezo: Pedrouzos, 2. Nantes. 36969 Sanxenxo.*

*E-mail: ceip.nantes@edu.xunta.es*

*Coordinadora: Mª José Prado Tirado*

*Montaxe e realización: Equipo de Dinamización da Lingua Galega*

*Rematouse o nº 50 en xuño de 2018*

# Editorial

Ola nenos, nenas e familias de Nantes!

Este ano, coma os outros, tocounos aos de sexto facer a editorial da vosa revista favorita!

Neste curso, pola COVID-19, non fixemos moitas saídas, pero algunas puidemos recuperar, coma por exemplo ir a Campolameiro, á lonxa de Portonovo e a illa de Cortegada.Tamén participamos nalgunhas actividades divertidas no colexio coma unha búsqueda de ovos en Pascua e vir disfrazados en Samaín. No Nadal déronnos moitos caramelos e adiantamos o Fin de Ano tomandos as 12 uvas...Este curso foi incríble!

Queremos darlle as grazas a todos os profesores por ensinarnos tantas cousas, sobre todo á profe Diana, que é a nosa titora e nos preparou para o Instituto coa profe Sara; á profe Lorena, que é a que nos ensinou a comunicarnos noutros idioma; á profe Mercedes, por ensinarnos que se pode facer música con calquera cousa; tamén á profe Elena que nos ensinou en Infantil, e que non falte o profe Marcos para axudarnos cando temos problemas; a profe Ana coa que fixemos moitas manualidades; e por suposto o profe Jano, que nas súas clases pasámolo moi ben e facemos moito deporte.

E con isto nos despedimos, esperando que nos vindeiros cursos lles vaia a todos os alumnos e alumnas tan ben coma a nós!!!

Paola, Antía, Lucas e Raúl en representación do 6ª curso.

# DÍA DAS BIBLIOTECAS


























# Trompos ao Camiño









# Polo San Martiño






SAMAIN
INFANTIL
PRIMEIRO
SEGUNDO

# TERCEIRO






# AS CABAZAS

# CUARTO




# QUINTO




# SEXTO



# Happy Halloween

In Halloween we made a trick or treat game. We had a witch hat with some tricks inside. If we made the trick right, we had some candy. It was very fun!

**Written by:**

**SARA**

**5th Grade**

HALLOWEEN HELPER

TRICK OR TREAT

CEIP NANTES

OCTOBER 2021


Happy Halloween

# DIA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

O 25N saimos todos/as xuntos ao patio para celebrar este día, escoitando cancións reinvicativas e portando a pancarta feita por todo o alumnado do centro contra a violencia de xénero.




Antía Rodríguez 6º EP

Mateo Barros 5º EI

Vega Cebreiro 1º EP

# DEREITOS DA INFANCIA

O día 20 de novembro conmemoramos o “ Día Universal da Infancia”. Está adicado a todos os nenos e nenas do mundo para recordar e dar a coñecer os nosos dereitos. En cada aula investigamos sobre un deles e formamos un mural, que colocamos nas portas, para ter eses deitos sempre presentes.



# Os xogos da discapacidade

No ano 1992, proclamouse o 3 de decembro como o Día Internacional das persoas con discapacidade.

Celébrase para que a xente vexa que estamos axudando ás persoas con discapacidade. Para que se sintan parte da sociedade.

Este curso:



xogamos ao fútbol cos ollos tapados.



Limos mensaxes en Braille en lingua de signos.



Escribimos sen mans.



Fixemos un pecorrido sen poder ver



Adiviñamos as cousas co tacto



fixemos construcións seguindo as orde dos nosos compañeiros sen poder escoitar.

Fixemos os xogos para saber a sorte que albergamos ao dispoñer de sentidos moi importantes que conteñen os nosos corpos coma: o tacto, a escoita, a vista, o olfacto e o movemento. Feito por: Mía, Raúl, Fabi, Lucas, Lola, Seila, Lucía, Lara, Rubén y Daniel.


E.I
CORO DAS EMOCIÓNS
FESTIVAL NADAL 2021.
1ºE.P. "Santa Klaus"
Malia a que a situación non permitiu festexar o Nadal coas familias no centro, todos os alumnos do CEIP Nantes fixemos as tradicionais actuacións e...
2ºE.P. "Ya llega la Navidad"
3ºE.P. "Din dan din dan"
PASÁMOLO XENIAL!!
4ºE.P. "Ding dong dong"
Coa axuda do profesorado gravámolos todos e puidemos compartilos nas nosas casas
O RESULTADO FOI FANTÁSTICO!!!...
5ºE.P. "Noche de Paz"
6ºE.P. "Durme, canta María"




# Árbores de Nadal










## O carteiro Adolfo veu recoller as felicitacións para as familias







## Vestímonos de gala para as Badaladas de fin de ano










FRIENDS SMILE
31
Xaneiro
2022
Nantes
día
da
Paz
PEACE FREEDOM
PEACE FREEDOM

# DÍA DA PAZ

No colexio, neste día tan importante, fixemos moitas actividades.

En plástica, cada clase fixo unha actividade relacionada coa paz, por exemplo, na miña clase fixemos mascarillas nas que poñía "PEACE DAY" que significa día da paz.

En música, a mestra inventou a letra dunha canción chamada "Unha Vacina de Paz" na que tamén, se fala de como loitar contra o COVID-19, todas as clases a cantamos, e fixemos unha grabación e un video que quedou moi bonito.

O que máis me gustou foi a carreira solidaria, na que colavoramos coa fundación "Save the Children". Consiste en que todos os nenos/as corran e os seus pais, como patrocinadores, dan un pouco de diñeira para a fundación. E ao final dannos a todos os nenos/as un diploma por participar.



Laura Conde
5 E.P.

# CARREIRA SOLIDARIA POLA PAZ

Alejandro

La carrera fue genial y era para los niños pobres, ya que son muy buenos. Quede en 3º lugar. Bruno quedo 2º y Enrique 1º.




Iria

Hace unos meses hicemos una carrera para recaudar dinero para los niños mas necesitados del tercer mundo. La carrera fue muy divertida y dura. Al final conseguimos mucho dinero



# A SEMANA DA CIENCIA

DO 7 AO 11 DE FEBREIRO



MARIE CURIE



JANE GOODALL

## COÑECEMOS A HISTORIA DE Mulleres CIENTIFICAS

# TAMÉN FIXEMOS MOITOS EXPERIMENTOS


















# UN ENTROIDO DE CINE

O noso entroido de cine celebrámolo o venres 25 de febreiro un desfile de películas. Cada curso disfrazouse dunha película diferente.


















Infantil disfrazouse de Mounstros SA

Primeiro e Segundo disfrazaronse de Pica pedra

Terceiro e cuarto disfrazarose de Casbrezos

Quinto disfrazouse de My Hero Academia

Sexto disfrazaronse de Batman









## E disfrutamos de uns churros de chocolate e estaban para chuparse os dedos!









Cada curso disfrazouse de personaxes cinematográfico: Batman, My hero academia, Mounstros S.A., Los picapiedra y los Croods
Como estivo un día fenomenal, puidemos saír a desfilar ao patio, todos lucimos con música e coreografía o noso disfraz.
Ao finalizar o desfile, tivemos unha sorpresa especial. Unha churrería ambulante, estaba esperándonos con chocolate quentiño e uns churros, que disfrutamos con moito gusto.
Rematou a velada con unha canción que interpretamos, micrófono en man os de 5º de primaria.

Matías Bea 5º EP

# CONCURSO "O MEU LIBRO FAVORITO









# Contacontos na biblioteca







# Experimentos na aula maker





# COÑECENDO A CDU PARA ORDEAR A BIBLIOTECA





# PROMOCIÓN



Ola, eu chámome Zaira e teño 11 anos. Son loira e de ollos azuis. Son un pouco vergoñosa e tamén nerviosa. Considérome de estatura normal, amable, tímida e simpática. A miña mellor amiga é Mía. Eu apoio ao medio ambiente e penso rápido. As miñas materias favoritas son Plástica e Matemáticas. Gústame moito o Anime e debuxar. Teño dous gatos, dous cans e ás veces doulles de comer aos gatiños da rúa.



Eu chámome Isaías e teño 12 anos .Gustáme moito xogar ao fútbol e a consola e estar cos meus amigos. Eu son alto, teño o pelo curto e de cor castaño e os ollos de cor verde e marrón. Na miña familia somos cinco, a miña irmá Lola, miña nai , miña irma Lucía e meu pai. Tamén teño tres cans: Leidi, Nevado e Chester. O meu mellor amigo chámase Fabián, ten 12 anos e gústame moito xogar con el. Son un pouco fedello pero a maioría das veces pórtome ben e na clase estou mellorando. Gustaríame viaxar a moitos países.



Chámome Mía. Teño 11 anos, de momento, dúas mellores amigas, chamadas Zaira e Lúa e outras tres amigas Antía, Paola e Sara. Tamén teño un pai, unha nai, un avó, unha avoa, unha irmá, unha tía e unha bisavoa. A miña mascota é unha gata chamada Micos. Teño franxa de pelo castaño e curto, ollos azuise a pel branca. Son unha persoa á que lle resulta fácil facer amigos. Gústame pintar, cantar, os rotuladores de lettering e tocar o piano. A miña cor favorita é a morada e gústame moito o manga, sobre todo Mi Hero Academia, recoméndovos moito ese manga ( o colexio mercou toda a colección.)



Chámome Hugo, teño 11 anos, son de estatura media e de pelo castaño, ollos marróns e encántame aprender cousas novas e traballar. Gústame xogar ao fútbol e do colexio, que fagamos o que fagamos, sempre me divirto xunto cos meus compañeiros de clase. De maior quero ser fotógrafo porque é unha profesión moi bonita na que se viaxa por todo o mundo.



Ola! Eu son Paola e teño 11 anos, son de estatura media, pelo e ollos marróns e media melena. Considérome divertida, responsable e traballadora. Gústame facer lettering e ver películas e series. As miñas favoritas son: Stranger Things, Riverdale, El Internado Laguna negra ,Heartstopper e Anne with an E, e a miña peli favorita é Enola Holmes. As miñas asignaturas favoritas son Plástica e Educación Física. Os meus mellores amigos son Antía, Sara, Lúa, Xavi e Joaquín. A miña viaxe desexada sería a Arxentina. De maior quero ser criminóloga pero se non pode ser tamén me gustaría ser profesora.



Chámome Lucas e teño 13 anos. Eu sou alto, de pelo longo e loiro con rizos. Teño os ollos de cor verde botella. Acostumo vestir de negro ou branco. Gústame xogar fútbol, facer eskate, escooter, surf, surf eskate e tamén me gustan a moda e os deportes. As miñas cancións favoritas son: Mafioso, Parao e Mariachi de Beny jr.



Chámome Sara, teño 12 anos e o meu aniversario é o 26 de abril. Son loira e de pelo curto. Tamén son alta e levo gafas. Teño os ollos marróns e o nariz e a boca pequenos. Gústame debuxar, escoitar música, mirar o móbil e ás veces escribir. Tamén me entretén o Diario de Greg e Tom Gates. De maior quero ser profesora de inglés porque me gusta axudar aos nenos e sei bastante inglés.




Ola, chámome Raúl e teño 12 anos. Son alto e delgado e teño o pelo e os ollos de cor marrón. Gústame xogar ao fútbol, o parkour, e o rugby. Gústanme as clases de Educación Física porque facemos parkour e no recreo xogo cos meus amigos. De maior gustaríame ter un restaurante e poder viaxar a Nova York.

# DO 2022



Ola!  chámome Alberto, teño 11 anos, o meu pelo é castaño e os meus ollos marróns. Eu son alto e delgado, teño bo carácter e gústame facer amigos. Cando teño tempo libre gústame xogar coa videoconsola ou no ordenador e ás veces gústame ver a tablet . Polas tardes vou a piscina e  encántame nadar,  son  o  máis rápido da miña rúa. De maior gustaríame ser policía ou militar.



Ola, eu son Xoaquín. Teño 11 anos,  o pelo e os ollos marróns escuros, son de estatura media, teño un bo carácter e  son gracioso. Gústame xogar ao fútbol, á consola e  a videoxogos. Tamén me gusta andar en quad e moto. A  miña viaxe desexada é ir a New York porque gustaríame ver a Estatua da Liberdade e outra sería a Vietnam para facer submarinismo con tiburóns ,baleas e outras especies acuáticas. Tamén me gustaría vivir aventuras por todo o mundo. Os meus mellores amigos son Alberto, Lucas, Álex, Xavi, Hugo e Fabián.



Eu son Lúa, teño 12 anos e encántame xogar. Teño os ollos de cor verde, a pel clara e o pelo ondulado. Creo que son amable, estudosa, boa compañeira e cariñosa. Gústame estar coa familia e amigos, ler e pintar. Gústame escoitar música e facer pulseiras de goma. De maior quero ser veterinaria porque me gustan moito os animais.



Eu son Mateo e teño 12 anos. Son alto e teño o pelo marrón tirando a negro. Podo doblar o meu pulgar hacia atrás e son boa xente a non ser que alguén me provoque. Gústame xogar á PS3 e cos meus amigos. A miña hora favorita é o recreo e de maior quero ser astrónomo ou abogado.



Eu son Fabi, un neno moreno de ollos marróns. Son de estatura media e gústame vestir con roupa cómoda. No colexio gústame xogar no recreo cos meus amigos e os xogos que facemos en Educación Física. Encántame practicar fútbol e de maior encantaríame ser xogador.



Eu chámome Álex, teño 11 anos e son de Portonovo. Teño os ollos azuis, o pelo marrón e un tono de pel moreno. As miñas afeccións son xogar ao fútbol, ao pádel e montar na scooter. Gústame ir á praia e a piscina cos meus amigos, ir ao parque, ao skatepark ou dar unha volta cos meus amigos. De maior quero ser futbolista ou policía.



Ola, chamome Antía e teño 12 anos, o pelo curto e negro. Son de estatura media, os meus ollos son marróns e son morena. Gústame debuxar, ver películas e series.  As miñas favoritas son Riverdale e Stranger Things e pelis teño moitas. Gustaríame viaxar a Londres porque me parece moi bonito. As miñas materias favoritas son Educación Física e Plástica. Tamén me gusta estar cos amigos, andar en Skate, ver o móbil e escoitar música.  De maior quero ser profesora de nenos pequenos.



Ola! Chámome Xavi e teño 11 anos. Son cariñoso, simpático, bo compañeiro…Eu son traballador e no meu tempo libre estou co móbil ou xogo a videconsola. Son baixiño e fraco ,teño o pelo cor descafeinado e os meus ollos son de cor marrón verdosos. Gústame moito quedar cos meus amigos no parque e tamén fago moito deporte, vou a fútbol nun equipo que se chama Saraiba Do Mar. De maior quero ser policía de aduanas porque desde vai moito tempo vexo un programa que me encanta.

# Día de Rosalía


































Neste día a muller foi a protagonista.
Para conmemoralo, fixemos un obradoiro de cine coa axuda de Paula González no que a muller tiña o papel máis destacado.
Non perdades a oportunidade de ver como quedou a nosa peli no blog: CASE POR SORPRESA.





Tamén tivemos o gusto de coñecer a Alicia Romero que é outra muller traballadora e loitadora por conseguir desfrutar do que máis lle gusta: traballar viaxando polo mundo como directora hoteleira.




## DÍA DA MULLER 8M

Mamá é a muller mais importante porque me quere. ♡♡♡



Mamá é a muller mais importante da miña vida porque me apoya e porque me quere. eu tanmen a quero y yo tanmon la animo.







Mamá é a muller mais importante da miña vida porque me fai comida rica e me quere moito.



# VIII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL
# "ESTOU DE CINE"






































*Os clásicos de onte, de hoxe e de sempre.*

A clase de 5º EP levamos dende o 2º trimestre facendo estas dinámicas coas que aprendimos:

- A coñecer máis aos compañeiros.
- Traballar en equipo con compañeiros que non coñeciamos moito.
- Que todos somos válidos.
- A respetar aos demais.
- Resolver conflitos
- Respetar as opinións dos outros.
- Sacar o noso lado creativo.
- Perder a vergoña falando en público.
- Sacar as nosas fortalezas.





# Dinámicas de cohesión de grupo



Páxinas amarelas




Creación anuncio publicitario









TRABALLANDO EN EQUIPO...

... MOLA MOITO MÁIS!

# Pasatempos musicais



## 1- Sopa de letras

Atopa os seguintes instrumentos

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A | B | Y | H | U | X | F | A | G | X |
| H | C | C | Z | G | G | A | Y | A | Z |
| C | C | O | N | A | I | P | E | I | I |
| G | Z | P | R | F | V | J | R | T | M |
| U | P | O | L | D | Y | X | I | A | A |
| I | F | B | Ó | P | E | L | E | N | X |
| O | P | I | L | Í | C | Ó | D | V | N |
| Z | O | V | I | O | L | Í | N | W | C |
| U | V | P | C | Z | P | G | A | G | I |
| A | R | P | A | X | U | B | P | B | C |

Laura

## 3_ Labirinto






Laura

## 2 - Adiviña

Con tan so catro cordas,
que un arco pon en acción
esta caixa melodiosa
alegraráche o corazón.

Beethoven perdeu a partitura da 9º sinfonía
Axúdaslle a atopala?

# VISITA DO DIRECTOR DE CINE JUAN GALIÑANES

Juan Galiñanes é un director de cine cambadés que ten moitos premios internacionais e nacionais, varios Mestre Mateo e tamén premios Goya




Veu ao noso cole a contarnos como era o seu traballo e a ensinarnos como se fan as películas












Fixémoslle moitas preguntas e contestou a todo, estivo súper simpático




Paz e Jaime, viñeron en representación do Concello de Sanxenxo para darlle un agasallo pola súa visita

# Campolameiro

## Antia, Lúa, Mía



O día 29 de abril do ano 2022 fumos a excursión de Campo Lameiro, que consistiu no medio natural da prehistoria, e nos debuxos grabados nas pedras, chamados petróglifos. Fixemos un tour por un camiño de terra no que as árbores que máis destacaban eran os carballos, vimos petroglifos nos que os debuxos que máis destacaban eran os cervos. Vimos unha réplica dunhas casas da prehistoria, e logo ao volver do tour pasamos por un labirinto que tiña sete voltas. Mentres nos facíamos o tour os nenos de 1º e 2º facían un taller de pinturas rupestres. Ao acabar, eles fixeron o tour e nos un taller de cerámica e logo volvimos ao colexio.

# Primeira Saída despois da pandemia













Sanxenxo, 17 de maio de 2022

Ola Lucía,

Aproveito para escribirche hoxe que non teño clase porque, non sei se o sabes, é o día das **Letras Galegas**.

Este festivo autonómico comezou a celebrarse o 17 de maio de 1963, coincidindo co centenario da primeira edición de "*Cantares gallegos*" de Rosalía de Castro. Desde aquela, cada ano se lle adica a un escritor (57 ata o momento) ou escritora (tan só 5) en lingua galega.

Este ano está adicado a Florencio Manuel Delgado Gurriarán, avogado e poeta galego, autor de obras como: "*Bebedeira*" (1935) "*Galicia infinda*" (1963) "*Carantena. Poemas*" (1981) e "*O soño do gueiro*" (1985).

No cole festexámolo con varias actividades e pasámolo moi ben. Foi xenial!

Vémonos polo San Xoán. Unha aperta:

Sara ♡





Lorena 2º EP



Alejandro 2º EP



Lois 2º EP



Carmen 2º EP

A actuación gustoume moito, sobre todo a parte cando a avoa lle metía ao neno cunchas en vez de música tamén cando necesitaba 1€uro para las chu-ches logo fixeron cinco cancións, era súper e foron mais difíciles as adiviñas

Enrique 2º


Felipe 2º EP


Raúl 2º EP

# XINCANA CO CEIP A FLORIDA DE SANXENXO








# XINCANA CO CEIP O VICEDO DE LUGO









# XINCANA NO NOSO COLE














# PICTO – PELIS

## ADIVIÑA O TÍTULO




















MANOLO PAZ
(O PASAMOS MOI BEN NA BOLBORETA)
FUMOS MOIFELIZES EN LA ESCURSION
JAULA SIN PÁJAROS
(ESPEJO
ENZO.
ALEX
MANOLO PAZ
JAULA
ADA
(ME LO PASÉ MUY BIEN)
(BOLBORETA)
(CASA DEL ÁRBOL)


LEIRE


MANOLO
PAZ
LINA




MANOLO PAZ
MARIPOSA
CACAASIENTO
XANPRE


MAIO
(MARIPOSA)


(PASAMOS
POR UN PUENTE)

# Xogo da Chave




Carmen 2º EP

# Primeiro Campionato




Aloia 2º EP

# de Nantes




Lorena 2º EP

Érase una vez na Illa de Cortegada...   Rubén S.



# Cortegada

Que é Cortegada? é unha illa española situada na provincia de Pontevedra.
É a maior dun archipelago que, aparte de Cortegada, a maior illa, conta con outros grupos de illas, como as Illas Malveiras ou as illas Briñas. Cortegada, xunto cos dous grupos de illas mencionado forman parte do parque nacional das Illas Atlánticas, en Galicia.
Esta comunicada na baixa mar con Carril, por un camiño chamado Camiño do Carro.





Saba



*Bosques de Cortegada*

ISLAS ATLÁNTICAS
DE GALICIA

PARQUE NACIONAL

Divetime coa arbore chupa cabras

Gustoume escoitar os paxariños

Sabela G.

Gustoume moito dar a volta a isla porque aprendin moitas cosas

Iván

Gustoume os nidos

Sofía

Gustoume ir na lancha

flipei cos dous nidos dos paxaros carpinteiros

diverti... moito o praia adifrutei moito

flipei coa arbore chupa cabras

Xabia

Gustoume veer o nido dos paxaros carpinteira

Isabel

Quero repetir os xogos

Gustoume ir en barco e mollarnos

Quero repetir ir na lancha

Sabela C.

[illegible] os xogos

## ARCHIPIÉLAGO DE CORTEGADA











# MONTANA

**more English, more fun!**



This year we had a new teacher
of English, her name is Montana,
she is from UK she came to school to
help us with English, she's very nice.

She is a Harry Potter fan. She talked
us about her trip to the Harry Potter
world in London and we could see
some photos! We loved it!
We started watching Harry Potter
films and that was so cool!

She also played chess with us and
she learnt us how to play some card
games. Children in 3rd grade are very
gratefil for that.

She also read us a lot of stories and books
that we enjoyed very much.

And the most important... she was super
warm and fun!!!
Montana, we are going to miss you!

**Written by PAOLA**




BYE BYE MONTANA


THANK YOU


I LOVE YOU
montana
Orgullosa
timida
amable
amable
Montana
Marabillosa
natural
natural
Montana













**Historias de papel – Reflejarte 21-22**

No terceiro trimestre, seguindo a idea de Thomas Demand, un escultor e fotógrafo alemán, todo o alumnado do CEIP Plurilingüe Nantes exploramos a natureza e sacamos fotos cun enfoque artístico.






A súa obra baséase na exploración da beleza do estío e así crear os seus deseños de papel pintado que forman parte das súas exposicións.

Mirade que fotos tan chulas sacamos!

















**Durante este curso os mestres de plástica fixéronnos traballar a reo!**

**Aquí vos ensinamos algúns dos nosos traballos:**











Debuxo xeométrico





Line art e Puntillismo

Simetrías











Perspectiva con punto de fuga















C.E.I.P. Plurilingüe Nantes